

A SEGUNDA REPÚBLICA ESPAÑOLA (1931-1936)

En que consistiu o proxecto democrático e reformista da Segunda República? Por que non conseguiu consolidarse?

A Segunda República, proclamada o 14 de abril de 1931, supuxo a instauración dun réxime plenamente democrático que puxo en marcha un amplo programa reformista apoiado por republicanos e socialistas. Estas reformas suscitaron a oposición dos sectores máis conservadores da sociedade española e foron paralizadas a finais de 1933 polo triunfo electoral da coalición de centro-dereita.

En 1936, a vitoria electoral da Fronte Popular provocou un levantamento militar que foi apoiado polos partidos e organizacións de dereitas, e que marcou o inicio da Guerra Civil.

CONTIDOS

- 1 Por que unhas eleccións municipais trouxeron a república?
- 2 O novo réxime republicano
- 3 Como cambiou a Segunda República a vida das mulleres?
- 4 O bienio reformista (1931-1933)
- 5 A crise da coalición de esquerdas
- 6 O bienio conservador (1934-1935)
- 7 Estaba en perigo a democracia en outubro de 1934?
- 8 O Fronte Popular (1936)
- 9 Por que a República non conseguiu afianzar unha democracia estable?

Proclamación da Segunda República na Porta do Sol, Madrid, 14 de abril de 1931.

• Que ambiente se desprende da fotografía? Sabes como reaccionou o rei á proclamación da República?



2.1. A DESCOMPOSICIÓN DO SISTEMA (1917-1923)

Os anos que separan a crise de 1917 do golpe militar de Primo de Rivera caracterizáronse pola inestabilidade política, pola radicalización do movemento obreiro e mais polo agravamento da guerra de Marrocos.

Os gobernos de concentración

Coa crise de 1917, a quenda pacífica chegou practicamente á súa fin. Ante a gravidade da situación, creáronse sucesivos **gobernos de concentración**, formados por liberais, conservadores e catalanistas, que non conseguiron estabilizar o sistema. Así, os trece gobernos que se formaron entre 1917 e 1923 amosan a división do Parlamento e a fragmentación dos partidos dinásticos.

A conflitividade social

A deterioración das condicións de vida dos traballadores e a intransixencia dos patróns desencadearon unha época de **mobilizacións obreiras e campesiñas**. No campo andaluz, os xornaleiros promoveron folgas, ocuparon terras e repartiron latifundios, enfrontándose á Garda Civil e dando lugar ao chamado Trienio Bolxevique (1918-1921).

Nas zonas industriais, especialmente en Cataluña, os **traballadores industriais** promoveron unha serie de folgas reivindicando melloras salariais e das condicións de traballo. Ante a extensión das protestas, o goberno e mais as organizacións patronais endureceron a súa actitude e favoreceron a creación de sindicatos máis dóciles (Sindicatos Libres) e de grupos armados que impedían as folgas utilizando violencia contra dirixentes obreiros (**pistoleirismo**). Chegouse así a unha auténtica **guerra social** na que morreron traballadores, dirixentes sindicais, empresarios e forzas da orde pública a mans de pistoleiros de ambos os dous bandos. O mesmo presidente do goberno, Eduardo Dato, foi asasinado en 1921.

A derrota de Annual

Finalizada a Primeira Guerra Mundial e ante o temor dunha expansión francesa no protectorado do Ríf, España quixo afianzar a súa presenza para defender os intereses económicos na zona. Así, iniciáronse algunhas actuacións militares que non contaban con ningún apoio social, tan só o das forzas económicas interesadas, o dos militares africanistas e o do propio rei.

A intervención militar española bateu coa resistencia das tribos rifeñas dirixidas por Abd el Krim, que no ano 1921 atacaron a posición de Annual e derrotaron o exército español, que sufriu numerosas baixas. Ante o desastre produciuse un forte debate que cuestionaba a preparación e mais a organización do exército, e a oposición encargoulle unha investigación a unha comisión parlamentaria para depurar responsabilidades (**Expediente Picasso**).

A presentación ás Cortes dos resultados do informe, que acusaba a algúns mandos militares e mesmo involucraba o monarca e certos sectores do exército protagonizaron un **golpe de Estado**.

AS REVOLTAS CAMPESIÑAS

Parécenos que os campesiños non deben perseguir outro ideal económico que a repartición máis equitativa das terras e dos útiles de produción. A nosa esperanza está, xa que logo, nos campesiños andaluces, aos que consideramos con capacidade para levar a cabo a transformación social que iniciou o mundo obreiro. (...)

A voz do campesiño, xornal anarquista, 1919.

O ditame resolve: Os medios poden deducirse desde o momento no que se trata de conseguir a expropiación, que está contida no noso lema "A terra, para os que a traballan".


Resolucións do Congreso da CNT, 1918.

- Que reivindicacións campesiñas se propoñen nos textos? Que ideoloxía as sustenta?

SABÍAS QUE...

No primeiro terzo do século XX, os **partidos e sindicatos obreiros** aumentaron notablemente a súa influencia: en 1919, a UXT tiña 211 000 afiliados, e a CNT, uns 700 000.

O PSOE tiña, a comezos de 1921, uns 58 000 afiliados, pero ese mesmo ano os sectores máis revolucionarios do partido escindíronse e crearon o Partido Comunista de España (PCE).



Caricatura dunha revista da época de 1920. Ao pé da imaxe aparecía escrito: "A quen lle toca hoxe?".

1. Describe a ilustración e explica o pistoleirismo.

@ Para saberes máis sobre a conflitividade social e o pistoleirismo: www.tiching.com/63313

2.2. A DITADURA DE PRIMO DE RIVERA (1923-1931)

En 1923, o capitán xeneral de Cataluña, **Miguel Primo de Rivera**, co consentimento de Afonso XIII e co apoio das organizacións patronais e dos grupos políticos conservadores, foi protagonista dun golpe de Estado que deu paso a unha ditadura militar.

O golpe militar, que se representaba como unha solución provisional, xustificouse co argumento de que o sistema parlamentario e constitucional español estaba desprestixiado e non era quen de garantir a orde social e tampouco de frear a revolución social que se avecinaba.

O Directorio Militar

O novo réxime instituíu unha ditadura militar, suspendeu a Constitución, disolveu o Parlamento e destituíu a todos os cargos electos (deputados, alcaldes...). Ademais, instaurou unha forte represión contra:

- As **liberdades**: prohibíronse os partidos políticos e algúns sindicatos, censurouse a prensa, limitouse a liberdade de ensino e perseguíuse os intelectuais contestatarios.
- O **movemento obreiro**: ilegalizáronse as organizacións revolucionarias, e perseguíuse especialmente a CNT e o Partido Comunista de España.
- Os **nacionalismos**: suprimíuse a Mancomunidad de Cataluña e prohibíronse as expresións públicas do nacionalismo catalán e vasco mentres se relegaba ao ámbito privado calquera lingua que non fose a castelá.

A ditadura intentou solucionar o conflito de Marrocos e, en 1925, co apoio de Francia, levouse a cabo o **desembarco de Alhucemas**, que lle puxo fin ao conflito. En 1927, o exército español deu por concluída a ocupación efectiva de todo o protectorado de Marrocos.

O Directorio Civil

A partir de 1925 instituíuse un goberno civil inspirado no estado corporativo italiano. Organizouse un partido único, a **Unión Patriótica**, e creouse unha **Asemblea Nacional Consultiva** que non era elixida democraticamente.

Aproveitando a boa conxuntura internacional dos primeiros anos vinte, o réxime levou a cabo un programa de **economía dirixida** que fomentou as obras públicas (Exposicións Internacionais de Barcelona e Iberoamericana de Sevilla en 1929) e os monopolios do Estado (Telefónica, Iberia, Campsa...).

As repercusións da crise económica internacional de 1929 puxéronlles fin ao crecemento económico e o clima de **oposición á ditadura** aumentou de xeito considerable. Falto de apoios, o ditador dimitiu en xaneiro de 1930. Daquela, Afonso XIII nomeou xefe de goberno o **xeneral Berenguer**, que debía convocar unhas eleccións e retornar á legalidade constitucional; esta fase coñécese co nome de "ditabrandia".

A XUSTIFICACIÓN DO GOLPE MILITAR


Viva España e viva o Rei!

Non temos que xustificar o noso acto, que o pobo san demanda e impón. Asasinatos de preladados, ex gobernadores, axentes da autoridade, patróns, capataces e obreiros; audaces e impunes atracos; depreciación de moeda; esmorga de millóns de gastos reservados; (...) rastreiras intrigas políticas tomando como pretexto a traxedia de Marrocos; incerteza ante este gravísimo problema nacional; indisciplina social, que fai o traballo ineficaz e nulo; precaria e ruínosa produción agrícola e industrial; xustiza influída pola política; descarada propaganda separatista. (...)

Non vimos chorar mágoas e vergoñas, senón a poñerlles rápido e radical remedio, para o que requirimos o concurso de todos os bos cidadáns.

*Manifesto do golpe de Estado,
13 de setembro de 1923.*

- Como xustifica Primo de Rivera a necesidade do golpe de Estado?
- Que actitude tomou o rei ante o golpe militar?



Afonso XIII e Miguel Primo de Rivera en 1923.

@ Para ampliarse na Rede...

- Infórmate en www.tiching.com/63315 sobre o golpe de Estado de Primo de Rivera e explica como reaccionaron ante este feito o rei e máis a maioría dos cidadáns.

SINTETIZA

2. Sintetiza os conflitos sociais e políticos que se deron en España no primeiro terzo do século XX.
3. Como se implantou a ditadura de Primo de Rivera? Que réxime político creou? En que sistema político se inspirou? Que medidas se adoptaron?
4. Explica como foi a etapa do Directorio Civil e como rematou a ditadura de Primo de Rivera.

3 Da monarquía á República

3.1. A PROCLAMACIÓN DA REPÚBLICA

O 12 de abril de 1931 convocáronse **eleccións municipais**, que foron percibidas pola opinión pública como un plebiscito entre a monarquía e república. A oposición ao réxime monárquico (republicanos, socialistas e nacionalistas de esquerda) constituíu unha coalición para acudir unida ás eleccións (Pacto de San Sebastián, 1930). Pola contra, os partidos monárquicos presentáronse divididos.

Os resultados electorais outorgáronlles un maior número de concelleiros aos partidos monárquicos. No entanto, o triunfo republicano nas grandes cidades (maioría en 41 capitais de provincia) e nas rexións industriais fixo evidente un desexo de cambio político. Así, milleiros de cidadáns saíron á rúa de forma espontánea para demandaren a proclamación da República. Ante a nova situación, o rei **Afonso XIII** suspendeu a potestade real e abandonou o país cara ao exilio.

O 14 de abril de 1931 proclamouse a República na cidade de Eibar (Guipúscoa), que foi seguida por Barcelona e Madrid, onde os concelleiros republicanos obtiveran unha ampla maioría.

3.2. O GOBERNO PROVISIONAL

Inmediatamente se formou un goberno provisional integrado por republicanos, socialistas e nacionalistas (galeguistas e catalanistas republicanos), que iniciou as primeiras reformas:

- **Amnistía** xeral para os presos políticos e liberdade de partidos e sindicatos.
- **Leis sociais** para mellorar a situación dos traballadores: xornada laboral de oito horas, salario mínimo, regulación de contratos e seguro de accidentes.
- Establecemento dunha **Xeneralidade provisional de Cataluña**, como paso previo á autonomía.
- Nova **ordenación electoral** para evitar as corruptelas do caciquismo.

Nos primeiros meses, o novo goberno tivo que lles facer fronte a algunhas mostras de anticlericalismo, sobre todo á **queima de conventos** como resposta ás declaracións a prol da monarquía por parte da xerarquía eclesiástica. Ademais, nalgúns cidades españolas estalaron importantes **folgas obreiras** convocadas pola CNT, que aspiraba á revolución social.

En xuño de 1931 convocáronse **eleccións a Cortes Constituíntes**, que lle deron a maioría á coalición republicano-socialista. O primeiro gran labor das novas Cortes foi elaborar unha **Constitución**, que foi aprobada en decembro dese mesmo ano.

AS ELECCIÓNS MUNICIPAIS DE 1931



1. En que zonas se impuxeron as candidaturas republicanas? E as monárquicas? Cal foi o resultado nas grandes cidades?
2. Por que ante estes resultados nunhas eleccións municipais se proclamou a República?

@ Para saberes máis sobre a proclamación da República:
www.tiching.com/63316

O EXILIO DE AFONSO XIII

As eleccións que se levaron a cabo o domingo revélanme ás claras que non teño hoxe o amor do meu pobo. A miña conciencia dime que o desvío non ha de ser definitivo, porque procurei sempre servir a España (...).

Atoparía medios sobrados para manter as miñas regras prerrogativas, en eficaz forcexo contra os que as combaten. Pero resoltamente quero arredarme de canto sexa lanzar un compatriota contra outro, en fraticida guerra civil. Non renuncio a ningún dos meus dereitos (...).

Espero a coñecer a auténtica expresión da conciencia colectiva e, mentres fala a nación, suspendo deliberadamente o exercicio do Poder Real e apártome de España, recoñecendoa como única señora dos seus destinos.

Manifesto de Afonso XIII,
13 de abril de 1931.

- Cal foi a actitude do monarca ao se coñecer o resultado das eleccións?

Viñeta aparecida na prensa republicana o 13 de abril de 1931.



3.3. A CONSTITUCIÓN DE 1931

A Constitución tiña un carácter democrático e progresista, pero non obtivo o consenso dos partidos conservadores, que non aceptaron algúns dos artigos, referentes ás cuestións relixiosa e autonómica. O texto establecía os seguintes principios:

- O Estado configurábase de forma integral pero aceptaba a posibilidade de constituír **gobiernos autónomos** nalgúns rexións.
- O poder lexislativo residía nas **Cortes** (unha soa Cámara) e no executivo, no **Consello de Ministros** e mais no **Presidente da República**. Asentábase a independencia do poder xudicial e creábase un Tribunal de Garantías Constitucionais. Ademais, por primeira vez, establecíase o sufraxio universal masculino e feminino.
- Proclamaba a **aconfesionalidade** do Estado, respectábanse todos os cultos e crenzas e permitíase o matrimonio civil e o divorcio.
- Recoñecía os **dereitos individuais** e establecíanse amplas **liberdades públicas**, que garantían a igualdade ante a lei, a educación e o traballo. Respectábase o dereito á propiedade privada, pero facultábaselle ao goberno para expropiar bens considerados de utilidade pública.

Unha vez aprobada a Constitución, **Niceto Alcalá Zamora** foi elixido presidente da República, e **Manuel Azaña** presidente do novo goberno formado por unha coalición de republicanos, socialistas e nacionalistas.

OS PARTIDOS POLÍTICOS E SINDICATOS A PARTIR DE 1931		
	ESQUERDAS	DEREITAS
Partidos republicanos ou que aceptan a República	• Izquierda Republicana (Azaña) • Partido Radical Socialista (Domingo)	• CEDA (Gil Robles) • Partido Radical (Lerroux)
Partidos autonomistas	• Esquerra Republicana de Catalunya (Macià, Companys) • Galeguistas, ORGA (Casares Quiroga)	• Lliga Catalana (Cambó) • Partido Nacionalista Vasco (Aguirre)
Partidos contrarios á República		• Renovación Española (Calvo Sotelo) • Falange Española (X. A. Primo de Rivera) • JONS (Ledesma) • Comunión Tradicionalista (antigos carlistas)
Partidos e sindicatos obreiros	• PSOE (Prieto, Besteiro) • UXT (Largo Caballero) • CNT e FAI (Montseny, Durruti) • PCE ("Pasionaria") • POUM (Nin)	

3. Clasifica os diferentes partidos políticos segundo a súa posición respecto do réxime republicano.

O DEBATE SOBRE O VOTO FEMININO

Resolvide o que queirades, pero afrontando a responsabilidade de lle dar entrada a esa metade do xénero humano na política, para que a política sexa cousa de dous, porque só hai unha cousa que fai un sexo só: alumear. As demais, facémolas todos en común, e non podedes vir aquí vós lexislar, votar impostos, ditar deberes, lexislar sobre a raza humana, sobre a muller e sobre o fillo, illados, fóra de nós.

Intervención de Clara Campoamor nas Cortes, setembro de 1931.

Nós cremos que o lugar propio da muller, da súa condición, dos seus deberes, da súa misión na vida é o fogar. E parécenos mal que sexa arrincada del e que nela se esperten ou fomenten vocacións que a atraian á rúa. Estamos certos de que é desgraciada unha sociedade onde a muller non se contenta con ser esposa e nai.

O Debate, diario conservador, 1931.

- Que posición se defende en cada texto? Con que argumentos?
- Busca máis información sobre Clara Campoamor na páxina web www.tiching.com/63318 e explica con que argumentos defendeu o voto das mulleres.



Caricatura dunha manifestación en demanda do sufraxio feminino, 1931.

@ Para ampliarse na Rede...

Consulta o vídeo www.tiching.com/63319 sobre sufraxismo e feminismo e explica:

- Cal era a situación da muller española ao iniciarse o século XX?
- Analiza a cronoloxía que se presenta nos recursos e indica cales foron os acontecementos máis importantes na conquista dos dereitos das mulleres ata 1931.

SINTETIZA

4. Como se produciu a vinda da Segunda República? Que partidos políticos formaron o goberno provisional?
5. Cales foron as primeiras medidas reformistas adoptadas polo Goberno provisional da República?
6. Explica as principais características da Constitución de 1931. Que sectores políticos se opuxeron a ela? Por que?

4 O Bienio Reformista (1931-1933)

4.1. AS REFORMAS REPUBLICANAS

O novo goberno integrado pola coalición republicano-socialista emprendeu o labor de reformar o país nun sentido democrático, laico e descentralizado. O seus obxectivos eran dar solución a algúns dos graves problemas pendentes dende o século anterior, e modernizar a economía e mais a sociedade españolas.

En primeiro lugar emprendeuse a **reforma do exército** coa pretensión de modernizar unha institución atrasada tecnicamente, cun exceso de mandos en relación coa tropa e coa maioría de oficiais contrarios ao réxime republicano.

Coa **reforma relixiosa** intentouse diminuír o peso da Igrexa católica e a súa influencia na educación. Paralelamente, promoveuse unha **reforma educativa** que defendía unha educación laica*, obrigatoria e gratuita, e o Estado asumiu a responsabilidade da escola pública.

Támén se procedeu a unha **reforma territorial** que, seguindo o mandato constitucional, recoñecía a pluralidade de España e iniciaba unha descentralización do Estado. No entanto, a votación dun Estatuto de Autonomía para Cataluña en 1932 tivo que lle facer fronte a unha grande oposición nas Cortes. Finalmente, levouse a cabo a **reforma agraria** con tres grandes obxectivos:

- Poñerlle fin ao problema do latifundismo e do paro dos xornaleiros.
- Lograr apoios sociais para a República entre os campesiños.
- Incrementar a súa capacidade adquisitiva para axudar á modernización económica do país.

Para poñer en práctica a Lei de reforma agraria (1932), creouse o **Instituto de Reforma Agraria (IRA)**, organismo encargado de indemnizar os propietarios expropiados e de facilitar o asentamento de familias campesiñas nas parcelas asignadas.

A aplicación da lei foi lenta e dificultosa debido á burocratización, ao escaso orzamento e á resistencia dos propietarios, que se opuxeron frontalmente á súa práctica.

A PROPIEDAD AGRARIA E OS MOVEMENTOS SOCIAIS CARA A 1930



1. Que provincias concentraban os maiores latifundios? Que causas históricas explican esta situación?

@ Para ampliarse na Rede...

- Infórmate en www.tiching.com/63320 sobre a reforma agraria e explica en que consistiu e que grupos sociais se viron máis afectados por ela.

SABÍAS QUE...

A situación agraria era especialmente problemática en **Andalucía e Estremadura**, onde existía unha concentración da propiedade en mans de poucos propietarios e moitos xornaleiros sen terras malvivían nunha situación de extrema miseria.

REFORMA MILITAR

- Lei de Retiros: posibilidade para aqueles militares non afectados á República de retirarse (acolléronse a ela case a metade dos oficiais).
- Redución do número de capitáns xerais.
- Peche da academia militar de Zaragoza.
- Cambio de destino dos militares máis hostís á República.
- Creación da Garda de Asalto, leal á República.

REFORMA RELIXIOSA

- Separación da Igrexa e o Estado.
- Regulación do matrimonio civil e lei do divorcio.
- Disolución da Compañía de Xesús.
- Supresión do orzamento público para manter o clero.

REFORMA EDUCATIVA

- Prohibición ás ordes relixiosas de impartir ensinanza.
- Construción de escolas públicas, ensinanza obrigatoria e laica.
- Aumento do orzamento para educación.

REFORMA TERRITORIAL

- Posibilidade para as nacionalidades históricas de establecer estatutos de autonomía e gobernos autónomos:
- En Cataluña estableceuse unha Generalitat provisional no ano 1931 e aprobouse un Estatuto de Autonomía.
- No País Vasco, o Estatuto aprobouse en 1936 e creouse un Goberno Vasco.
- En Galicia, a Guerra Civil impediu a aprobación dun Estatuto.

REFORMA AGRARIA

- Expropiación sen indemnización das terras dunha parte da nobreza (Grandes de España).
- Expropiación, pero indemnizando os seus propietarios, das terras cultivadas deficientemente, arrendadas sistematicamente ou que, podendo ser regadas, non o eran.
- Entrega das terras expropiadas a familias campesiñas (asentamentos).

4.2. A OPOSICIÓN ÁS REFORMAS

Desde o conservadorismo

O reformismo republicano tivo que lle facer fronte á oposición dos **grandes propietarios** agrarios, á xerarquía da **Igrexa católica**, a unha parte do **exército** e a amplos sectores das **clases altas e medias**. Estes grupos temeron perder as súas propiedades e o poder que desde séculos viñan exercendo na vida española. Aproveitando este descontento, en 1932, o **xeneral Sanjurjo** levou a cabo un golpe de Estado, que foi freado polo goberno de Azaña.

Ante o novo réxime republicano, as forzas da dereita reagrupáronse en diferentes organizacións:

- A **Confederación Española de Dereitas Autónomas (CEDA)**, con José María Gil Robles á fronte, converteuse no gran partido conservador que aceptaba, con reticencias, o réxime republicano.
- Os **monárquicos** de Renovación Española, liderados por José Calvo Sotelo, e os **carlistas** amosáronse claramente antiparlamentarios e antirrepublicanos.
- En 1933, José Antonio Primo de Rivera creou **Falange Española (FE)**, un grupo de inspiración fascista. Cunha orientación similar naceron as Juntas de Ofensiva Nacional Sindicalistas (JONS), que en 1934 se uniron á FE.

Desde o obreirismo

A lentitude dalgúñas reformas, especialmente da agraria, exacerbou os ánimos de xornaleiros e obreiros, que aspiraban a unha maior transformación social. A UXT radicalizou as súas posicións, así como comunistas e anarquistas.

Alguns núcleos **anarquistas**, sobre todo os vinculados á CNT e á Federación Anarquista Ibérica (FAI*) apostaron pola insurrección armada para transformar de xeito revolucionario a sociedade española.

Coa intención de implantar o comunismo libertario*, foron protagonistas dalgúns **levantamentos obreiros** (Alto Llobregat, 1932) e **campesiños** (Casas Viejas, 1933). Estas insurreccións foron duramente reprimidas polo Exército e as forzas de orde público e supuxeron un forte desprestixio para o goberno.



José Antonio Primo de Rivera e algúns simpatizantes de Falange desfilando co brazo en alto, símbolo do fascismo, en agosto de 1932.

O PROGRAMA DA CEDA

Os candidatos da coalición antimarxista defenderán resoltamente a necesidade dunha inmediata derogación, pola vía que en cada caso proceda, dos preceptos tanto constitucionais coma legais, inspirados en designios laicos e socializantes, en realidade encamiñados a destruír o inmenso patrimonio moral e a xa exhausta riqueza material da sociedade española. (...)

Programa da CEDA, outubro de 1933.

- Cales eran os obxectivos políticos da CEDA?
- A que forzas agrupaba esta coalición? Como se definían ideoloxicamente?

Solidaridad Obrera

ORGANO DE LA CONFEDERACION REGIONAL DEL TRABAJO DE CATALUÑA. FUNDADO EN 1902. PERIODICO DE LA CONFEDERACION NACIONAL DEL TRABAJO DE ESPAÑA. NÚM. 121-122. BARCELONA, VIERNES 18 DE NOVIEMBRE DE 1932. PÁGINA 122

A LOS TRABAJADORES

El parlamentarismo es la consagración de todas las miserias y de todas las infamias políticas

¡TRABAJADORES, PUEBLO TODO!

No votéis - Abajo el parlamentarismo

¡VIVA LA ACCION DIRECTA DE LOS TRABAJADORES!!

Cabeceira do xornal anarquista *Solidaridad Obrera*, 18 de novembro de 1932.

2. Cal foi a actitude dos anarquistas fronte á República? Cales eran as súas protestas?

@ Para ampliarse na Rede...

- Infórmate en www.tiching.com/63329 sobre os sucesos de Casas viejas e explica que pasou nesa localidade gaditana en xaneiro de 1933.

SINTETIZA

3. Explica as grandes reformas do Bienio Reformista. Que obxectivos pretendía o goberno republicano?
4. Quen se opuxo a estas reformas? Por que as rexeitaban?

O Bienio Conservador e a Fronte Popular (1933-1936)

5.1. OS GOBERNOS DE DEREITAS

A cruenta represión do levantamento de Casas Viejas provocou unha grave crise ao goberno republicano-socialista e Manuel Azaña presentou a súa dimisión. O presidente da República, Alcalá Zamora, dissolveu as Cortes e convocou **novas eleccións**.

As eleccións que tiveron lugar en novembro de 1933, as primeiras en que puideron votar as mulleres, foron gañadas polos partidos de dereita (40% dos votos) e de centro (21%). **Alejandro Lerroux**, líder do Partido Radical, foi elixido presidente do goberno co apoio parlamentario da CEDA.

O novo goberno iniciou un proceso de desmantelamento da obra reformista anterior: paralizou a reformas agraria e a militar, modificou a política relixiosa, propiciando un achegamento á Igrexa Católica, e concedeulles a amnistía aos sublevados do golpe do xeneral Sanjurjo.

Como consecuencia da depresión económica mundial, iniciada en 1929, o paro e as folgas aumentaron. Ademais, os sindicatos e partidos obreiros alentaron á mobilización social temendo que se producise en España unha deriva cara ao fascismo, como estaba sucedendo nalgúns países de Europa (Italia, Alemaña e Austria).


5.2. AS REVOLTAS DE 1934

O conflito estalou en outubro de 1934, a raíz dunha remodelación do goberno que deu entrada a tres ministros da CEDA. Ao día seguinte, a UXT convocou unha folga xeral que tivo un escaso seguimento. No entanto, nalgúns zonas, como Asturias e Cataluña, producíronse movementos insurreccionais.


En **Asturias**, a revolución tivo un carácter social. Militantes, anarquistas, socialistas e comunistas, ocuparon a cunca mineira e proclamaron a revolución social. A revolta foi sufocada polo exército e duramente reprimida.

En **Cataluña**, onde o goberno da Generalitat estaba en mans dunha coalición de esquerdas, o presidente Lluís Companys encabezou a insurrección e proclamou o Estado catalán dentro da República Federal Española. A rebelión, que non contou co apoio do sindicalismo anarquista, foi rapidamente sufocada e como represalia suspendeuse o Estatuto de Autonomía e o presidente da Generalitat foi levado preso e a outros líderes políticos.

O NÚMERO DE DEPUTADOS NO CONGRESO



AS FOLGAS EN ESPAÑA (1928-1936)



1. Relaciona a información do gráfico co aumento da tensión social a mediados da década de 1930.

AS DEMANDAS DOS OBREIROS ASTURIANOS

1. Aumento dos salarios (...).
2. Xornada de sete horas e de seis para os traballos nocturnos (...).
3. Igualdade de salarios para traballo igual.
4. Dous meses ao ano de vacacións pagas.
5. Pagamento do 75 % do salario por parte do Estado aos obreiros sen traballo.
6. Dous meses de vacacións pagas antes e despois do parto para as obreiras e media hora cada tres horas durante o período de lactación.
7. Pagamento íntegro do salario en caso de accidente.
8. Liberdade absoluta de reunión e manifestación.
9. Desarmamento das forzas reaccionarias e armamento do proletariado.
10. Destrución do réxime capitalista e edificación da sociedade socialista.

Manifiesto dos obreiros de Asturias, 1934.

- Analiza as peticións e diferencia as laborais das políticas.
- Coidas que a revolta asturiana tivo un carácter de revolución social? Xustifica a resposta.

@ Para saberes máis sobre as insurreccións obreiras de 1934: www.tiching.com/63332

5.3. A FRENTE POPULAR (1936)

As desavinzas entre os partidos da coalición governamental (Partido Radical e CEDA) e, sobre todo, os escándalos de corrupción dos radicais levaron á convocatoria de novas eleccións en febreiro de 1936.

As forzas de esquerda presentáronse agrupadas na **Fronte Popular** cun programa para recuperar as grandes reformas do primeiro bienio republicano. Nesta ocasión, algúns dirixentes da CNT, abandonaron o seu apoliticismo e manifestaron o seu apoio a esta coalición.

A dereita acudiu unida en diferentes coalicións que agrupaban a cedistas, radicais, monárquicos e tradicionalistas. O seu programa pretendía aumentar a viraxe conservadora do último bienio e modificar a Constitución.

As eleccións déronlle a vitoria, aínda que por escasa marxe, á Fronte Popular. En maio, **Manuel Azaña** foi nomeado presidente da República, e **Santiago Casares Quiroga**, xefe de goberno.

A coalición de esquerdas continuou o proceso reformista interrompido desde 1933. Concedeuse unha amnistía para os represaliados da revolta de 1934, continuouse o proceso de reforma agraria e dispersouse a os xenerais sospeitosos de golpismo (Franco, a Canarias; Mola, a Marrocos; e Sanjurjo, a Portugal). Tamén reinstaurou a Generalitat de Cataluña e reiniciouse o proceso autonómico no País Vasco e Galicia para a aprobación dos seus respectivos estatutos.

5.4. A PREPARACIÓN DO GOLPE DE ESTADO

A división entre dereitas e esquerdas, plasmada no resultado electoral, deixou sentir na rúa. Os sectores máis **radicais da esquerda** propugnaban a conveniencia de levar a cabo unha revolución social. A extrema dereita defendía a necesidade de lle poñer fin ao goberno da Fronte Popular, mentres unha conspiración militar preparaba un golpe de Estado.

As tensións desencadearon un clima de **enfrentamento**, que provocou o asasinato do deputado de dereitas José Calvo Sotelo, en represalia pola morte do tenente José Castillo, militante socialista. Este clima de violencia e confrontación serviulles de pretexto ás forzas contrarias á República para acelerar os seus plans golpistas e interromper polas armas o proceso reformista republicano.



Carteis das eleccións de 1936.

2. A que ideoloxía pertence cada un dos carteis? Que elementos iconográficos e textuais utiliza cada un deles para atraer o electorado?

@ Para ampliarse na Rede...

- Infórmate en www.tiching.com/63334 sobre as eleccións de 1936 e explica que candidaturas se presentaban e que partidos as integraban.

OS OBTIVOS DOS INSURRECTOS

O goberno resultante da insurrección ten que se constituír en sentido puramente apolítico, por militares (...). Inmediatamente haberá de procederse á revisión de canto se lexislou ata o día, especialmente en materia relixiosa e social. Cómpre que cesen as actividades dos partidos políticos para que o país se calme (...) e ir cara á estruturación do país rexeitando o actual sistema liberal e parlamentario. A duración do gabinete militar ha de ser a necesaria ata canalizar o país polas normas indicadas.

*Carta do xeneral Sanjurjo ao xeneral Mola,
11 de xullo de 1936.*

- Que pretendían os militares que conspiraron contra a República? Por que se sublevaron?

SINTETIZA

3. Que forzas políticas subiron ao poder en 1933? Cal foi a súa actuación política durante a súa etapa de goberno?

4. Por que estalou unha revolta en 1934? En que zonas tivo maior relevancia?

5. Que coalición gañou as eleccións de 1936? Cal era o seu programa? Que reacción provocou este triunfo?

6. Que pretexto utilizaron os militares golpistas para levaren a cabo un golpe de estado? Cal era o seu obxectivo?

6 O estalido da Guerra Civil

6.1. DO GOLPE DE ESTADO Á GUERRA CIVIL

O 17 de xullo de 1936 en Canarias e nalgúnhas prazas africanas (Melilla, Ceuta, Tetuán), e o 18 de xullo na Península, un sector importante do exército (os xenerais Franco, Mola, Sanjurjo, Queipo de Llano...) levaron a cabo un golpe de Estado.

A sublevación (**alzamento**) contou co apoio dos grupos sociais que se opuxeran ás reformas republicanas e das organizacións políticas antirrepublicanas, como os falanxistas, tradicionalistas, monárquicos, etc.

Mantivéronse fieis ao goberno republicano algúns núcleos do exército e da Garda Civil, a maioría da Garda de Asalto, as clases populares e parte das clases medias.

Para frear os rebeldes e defender a legalidade, **José Giral**, novo xefe de goberno, entregoulles armas ás milicias* dos sindicatos e dos partidos da Fronte Popular.

O **alzamento triunfou** nas rexións agrícolas e de orientación política conservadora. A finais de xullo de 1936, os sublevados controlaban Canarias, parte de Andalucía, Castela e León, Navarra, Galicia, Baleares (agás Menorca) e tamén un sector de Aragón e Extremadura.

O **alzamento fracasou** nas grandes cidades e nas principais rexións industriais e obreiras. A República mantiña Cantabria, Asturias, Cataluña, todo o Levante, Madrid, Castela-A Mancha e a meirande parte do País Vasco e Andalucía.

A división de España en dúas zonas supuxo o inicio dunha **Guerra Civil**.

A DIVISIÓN DE ESPAÑA TRAS O ALZAMENTO



AS CAUSAS DA GUERRA CIVIL

PROFUNDAS:

- Grandes desequilibrios socioeconómicos de España.
- Oposición dos grupos sociais privilexiados ao reformismo republicano.
- Deriva das clases privilexiadas cara a solucións autoritarias (fascismo) ante o temor dunha revolución social.
- Desengano dos traballadores ante a lentitude das reformas republicanas.
- Radicalización das forzas políticas e sindicais de esquerda.
- Tradición intervencionista do exército.

INMEDIATAS:

- Polarización social e violencia política.
- Conflitividade social. Deterioración da orde pública.
- Intención de rematar co goberno da Fronte Popular. Golpe de Estado do 18 de xullo de 1936.



Gardas de asalto enfróntanse aos rebeldes desde unha barricada improvisada nunha rúa de Barcelona en xullo de 1936.

@ Para ampliarse na Rede...

- Indaga en www.tiching.com/63337 sobre a sublevación militar do 18 de xullo de 1936 e explica que foi e que papel desempeñou o *Dragon Rapide*.

1. En que zonas de España triunfou o alzamento? En cales fracasou?
2. Que características presentaba cada unha das dúas zonas?

6.2. A INTERNACIONALIZACIÓN DO CONFLITO

O estalido da Guerra Civil española acadou unha gran repercusión internacional, debido á tensa situación política que vivía Europa por mor da política expansionista do fascismo italiano e do nazismo alemán.

Desde o primeiro momento, a guerra en España foi vista como unha confrontación entre as **forzas democráticas**, e en parte revolucionarias, e os **réximes fascistas**. España foi o primeiro escenario no que combateron as forzas que acabaron enfrontándose na Segunda Guerra Mundial.

Para non agravar a tensión europea, Francia e Gran Bretaña impulsaron unha política de neutralidade e non inxerencia na guerra española (**Comité de Non Intervención**), á que se sumaron outros países europeos. No entanto, os gobernos italiano, alemán e portugués non lles retiraron o seu apoio aos franquistas.

Os sublevados contaron desde o primeiro momento con **axuda alemá e italiana**. A primeira foi especialmente importante en aviación (Lexión Cóndor), artillaría, carros e equipos de transmisións, e a segunda achegou soldados e material de guerra. Voluntarios procedentes de Portugal tamén se uniron aos sublevados.

A "non intervención" prexudicou a República, que se encontrou sen a axuda das democracias europeas, pois **Francia** cerrou a súa fronteira e **Gran Bretaña** decretou un embargo total á República. Ante esta situación, a **URSS** converteuse no único apoio ao goberno republicano, proporcionando armas e asesores militares.

A causa republicana recibiu unha vaga de solidariedade internacional e milleiros de voluntarios de diversos países chegaron a España para combater en defensa da legalidade republicana. As **Brigadas Internacionais** desempeñaron un papel moi importante na defensa de Madrid, aínda que estiveron en todas as fronteiras bélicas ata setembro de 1938, cando iniciaron a súa retirada.

A AXUDA ITALIANA

O goberno fascista italiano e o goberno nacional español, unidos en loita común contra o comunismo, que neste momento ameaza a paz e seguridade de Europa, e animados polo desexo de reforzar e desenvolvemento as súas relacións mutuas (...) chegaron ás conclusións seguintes:

1. O goberno fascista continuará prestando ao goberno nacional español o seu apoio e axuda para manter a integridade e independencia de España e para restablecer a orde interna no social e no político. (...)

Protocolo de colaboración entre Italia e España, 1936.

- Quen son os asinantes deste protocolo? Que acordos establecen?
- Que intencionalidade ten o cartel? Que bando o editou?



Cartel de 1936, relativo á chegada de soldados italianos.

INTERVENCIÓN ESTRANXEIRA NA GUERRA CIVIL

Homes e armamento	Italia	Alemaña	URSS
Soldados e técnicos	78474	16000	2065
Avións	759	1017	806
Carros de combate	157	202	362
Canóns e metraladoras	5237	5230	15113

3. Como se distribuíu a axuda internacional? Que países apoiaron a cada bando? Que bando saíu máis beneficiado dela?


4. Que foi o Comité de Non intervención? A que bando prexudicou máis? Por que?

@ Para saberes máis sobre a axuda estranxeira na Guerra Civil: www.tiching.com/63338

SABÍAS QUE...

As **Brigadas Internacionais** foron unidades militares formadas por voluntarios estranxeiros que participaron na Guerra Civil en defensa da Segunda República. Non se sabe con exactitude a cifra de brigadistas que chegaron a España, pero calcúlase que foron ao redor de 45 000, procedentes de 54 países distintos, maioritariamente franceses e italianos. Estaban organizados en 15 brigadas e tiñan o seu cuartel xeral na cidade de Albacete.

As Brigadas Internacionais participaron en moitas batallas: Madrid, Brunete, Teruel, Córdoba, Jarama, Guadalaxara, Belchite, Ebro..., e crese que deberon morrer máis de 15 000 brigadistas nas súas fronteiras.



Cartel de propaganda das Brigadas Internacionais.

SINTETIZA

5. Explica como se produciu a sublevación militar en xullo de 1936 e como se converteu nunha guerra civil.

6. Por que tivo tanta transcendencia internacional a Guerra Civil española?

7 As dúas zonas enfrontadas

7.1. A ZONA REPUBLICANA: A REVOLUCIÓN SOCIAL

O feito de que a defensa da República estivese en mans dos militantes dos partidos e dos sindicatos de esquerda, provocou unha situación revolucionaria e o derrubamento do Estado republicano.

A revolución social

Ante a rebelión militar de xullo de 1936, o goberno republicano disolveu o exército e confioulles a defensa da República ás milicias e voluntarios de partidos e sindicatos de esquerdas.

Para impoñer unha nova orde revolucionaria creáronse **comités obreiros** integrados por representantes das forzas antifascistas que dirixían o esforzo bélico e a vida civil na retagarda. Este proceso revolucionario estivo impulsado polas forzas obreiras, especialmente pola central anarcosindicalista, a CNT, e os grupos activistas da FAI.

Os Comités obreiros ocuparon e colectivizaron fábricas e confiscaron as terras dos latifundistas para repartilas entre grupos de campesiños. Igualmente, desatouse un virulento **anticlericalismo**. Todo símbolo aristocrático, burgués ou relixioso foi perseguido como inimigo e, en ocasións, foi causa de encarceramento ou morte.

Os intentos de controlar a situación revolucionaria

Entre setembro e novembro de 1936 formouse un novo goberno, presidido polo socialista **Largo Caballero**, que integraba todas as forzas leais á República (republicanos, socialistas, comunistas e, tamén anarquistas).

As autoridades republicanas esforzáronse por lle poñer fin á represión incontrolada, endereitar o proceso revolucionario e manter a legalidade constitucional. Así mesmo, nun esforzo por gañaren a guerra, disolveron as milicias voluntarias para integralas nun **Exército Popular** baixo un mando unificado.

Os Sucesos de Maio de 1937 e o goberno de Negrín

Os fracasos militares da República afondaron a división dentro das forzas republicanas. Republicanos e parte dos socialistas e comunistas defendían a necesidade de frear o proceso revolucionario para lle dar prioridade ao esforzo bélico e gañar a guerra.

Anarquistas e trotskistas do POUM (Partido Obrero de Unificación Marxista) opuxéronse ás novas medidas do goberno, e en maio de 1937 chegou a un enfrontamento armado en Barcelona, no que se impuxeron as forzas que apoiaban o goberno.

O socialista **Juan Negrín** formou un novo goberno con forte influencia comunista. O goberno impúxose sobre os Comités, exerceu o control sobre as colectivizacións e dedicou os seus maiores esforzos a defender a República. Para isto expuxo unha proposta de paz que pretendía acabar o conflito (programa dos **Trece Puntos**). Ante a negativa de Franco, propuxo unha política de resistencia con decisión ("resistir é vencer").



Carteiras da CNT-FAI alentando a revolución e as colectivizacións durante a guerra.

@ Para ampliáres na Rede...

Lee en www.tiching.com/63339 o decreto de colectivizacións de Cataluña do 24 de Outubro do ano 1936:

- Que se pretendía conseguir con este decreto? De que xeito?

SABÍAS QUE...

O goberno republicano **evacuou moitos nenos** a outros países para afastalos dos horrores da guerra. A maioría foron a Francia, pero uns 3000, procedentes na súa maioría do País Vasco, Asturias e Santander, foron desprazados a Rusia.

Moitos destes nenos non regresaron endexa-mais e actualmente aínda viven algúns dos chamados "nenos de Rusia".

@ Para saberes máis sobre os nenos da guerra: www.tiching.com/63343



Cartel que expón as últimas condicións do goberno de Negrín para asinar a paz cos franquistas, 1938.

7.2. A ZONA SUBLEVADA: UNHA DITADURA MILITAR

Na zona controlada polos rebeldes, todos os esforzos estaban dirixidos a apoiar o exército para gañar a guerra. Con esta finalidade estableceuse un poder militar único, que agrupaba todas as forzas políticas que loitaban contra a República.

A xénese do Estado franquista

O primeiro órgano de poder dos sublevados foi a **Xunta de Defensa** que, en outubro de 1936, nomeou a Franco xeneralísimo e xefe de goberno, ao tempo que lle outorgaba plenos poderes. En abril de 1937 decretouse a unificación de falanxistas e tradicionalistas nun partido único (FET y de las JONS), baixo a dirección de Franco. Un ano despois creouse o primeiro goberno en Burgos.

O **novo Estado**, que pretendía acabar coa democracia, inspirábase no fascismo: obediencia cega ao caudillo, desprezo do parlamentarismo, exaltación da violencia...

Así Franco concentraba na súa persoa todos os poderes e defendía unha ditadura estruturada ao redor do exército, que se erixía en garante dos valores tradicionais e católicos de España.

Un dos primeiros obxectivos das novas autoridades franquistas foi acabar coas reformas republicanas. Por iso, abolíronse a reforma agraria, a lexislación laboral e social e os estatutos de autonomía. Tamén se prohibiron todos os partidos políticos e os sindicatos, coa excepción de Falange, e púxoselle fin ao Estado laico.

Unha represión sistemática

Nas zonas dominadas polos franquistas institucionalizouse a persecución contra os partidos e sindicatos da Fronte Popular ou os sospeitosos de simpatizaren coa causa republicana. Esta represión formaba parte das directrices fixadas polos dirixentes da sublevación e buscaba tanto a aniquilación da esquerda como atemorizar a poboación para impedir calquera disidencia ou oposición ao novo Estado.

A represión (detencións, encarceramentos, depuracións e fusilamentos) tivo un carácter sistemático e foi levada a cabo polo exército, a Falange e as autoridades golpistas. Moitas persoas executadas durante a guerra foron enterradas en foxas comúns, sen quedar constancia da súa desaparición.

SINTETIZA

3. Explica por que se desencadeou un proceso revolucionario na zona republicana e en que consistiu.
4. Sinala as características máis importantes dos gobernos de Francisco Largo Caballero e de Juan Negrín. Que aconteceu en Barcelona en maio de 1937? Que consecuencias tiveron os Sucesos de Maio?
5. Que tipo de Estado organizaron os sublevados nas zonas que controlaban? Que medidas se levaron a cabo?



Cartel titulado *El Generalísimo*, no que se caricaturizan os apoios a Franco, 1937.

1. Como se representa ao xeneral Franco? Que sector social representa cada un dos personaxes que o apoian?
2. A que bando pertence o cartel? Cal é a súa intenciónalidade política?

@ Para ampliarse na Rede...

- Infórmate en www.tiching.com/63344 sobre a organización republicana e en www.tiching.com/63346 sobre a organización dos sublevados. Compara o desenvolvemento político de ambas as dúas zonas.

O GOBERNO FRANQUISTA

Abonda! Fronte ao marxismo, España. Fronte á anarquía, a lei, e encher o abismo odioso que separaba os españois cos froitos benfeitores dunha sólida obra de goberno que asente a solidariedade nacional baixo unha autoridade inflexible que impoña a orde pública, e asegure a paz, e propulsa as minguadas enerxías da economía e da industria.

Declaración da Xunta de Defensa Nacional, xullo de 1936.

- Que obxectivos se propoñía o primeiro goberno dos sublevados?

Selo da época con propaganda franquista.



8.1. O DESENVOLVEMENTO DO CONFLITO

A Guerra Civil durou trinta e tres meses nos cales o exército rebelde, mellor organizado e equipado, levou sempre a iniciativa. Os republicanos, faltos dunha estratexia militar eficaz e de apoios exteriores, actuaron preferentemente á defensiva, intentando frear o avance franquista.

O avance cara a Madrid

Despois de cruzar o estreito de Xibraltar coa axuda de avións italianos e alemáns, os sublevados avanzaron cara a Madrid coa intención de tomar rapidamente a capital. En agosto de 1936 ocuparon Estremadura e, en setembro, Toledo. O goberno da República, ante un ataque inminente, abandonou Madrid e instalouse en Valencia.

En novembro de 1936 tivo lugar a **Batalla de Madrid** e as forzas republicanas (exército, milicias de voluntarios, brigadistas internacionais...) conseguiron frear a ofensiva.

Os sucesivos intentos de penetrar na cidade (**Batallas do Jarama** e **de Guadalaxara**) fracasaron, e na primavera de 1937, o alto mando dos sublevados, dirixido polo xeneral Franco, decidiu avanzar noutra fronte.

A Batalla do Norte

Entre abril e outubro de 1937, librouse a **Batalla do Norte**, cando o groso das tropas franquistas atacou as grandes cidades da cornixa cantábrica. O dominio franquista do aire evidenciouse no bombardeo indiscriminado de cidades, infraestruturas e vías de comunicación. O 26 de abril, a Lexión Cóndor alemá bombardeou e arrasou a cidade de **Guernika**, e en xuño, as tropas franquistas ocuparon **Bilbao** e as zonas industriais e mineiras do País Vasco.

Os republicanos lanzaron algunhas ofensivas para frear a presión sobre a zona norte (**Belchite**, en Zaragoza, e **Brunete**, en Madrid), pero non puideron evitar a caída de **Santander** en agosto e a de **Asturias** dous meses despois.

A Batalla do Ebro

Despois dunha ofensiva republicana coñecida como **Batalla de Teruel** (decembro 1937), en febreiro de 1938, as tropas de Franco reconquistaron a cidade, avanzaron sobre Aragón e chegaron ao Mediterráneo pola zona de Castellón, co que Cataluña quedou illada do resto do territorio republicano.

Para impedir o avance dos sublevados, o goberno da República concentrou todas as súas forzas na **Batalla do Ebro**, a máis longa e cruenta da Guerra Civil. En xullo de 1938, o exército republicano cruzou o Ebro, entre Benifallet e Mequinzenza, para obrigar a retroceder o inimigo. Logo de tres meses de intensos combates, os republicanos iniciaron a retirada, facendo evidente que a República tiña os días contados.

En novembro de 1938, os republicanos tiveron que repregarse. A partir daquela, o avance dos franquistas sobre Cataluña foi imparable, e en febreiro de 1939 alcanzaron a fronteira francesa.

A FRONTE ATA NOVEMBRO DE 1936



A FRONTE ATA DECEMBRO DE 1937



A FRONTE ATA XULLO DE 1938



A fin da guerra

Tras a conquista de Cataluña só Madrid e a zona centro quedaban en mans republicanas. O goberno de Negrín intentou resistir, pero unha sublevación na súa contra creou un **Consello Nacional de Defensa** que intentou negociar sen éxito con Franco.

Entre febreiro e marzo, os franquistas ocuparon o territorio restante e o 1 de abril de 1939, un parte de guerra anunciaba a fin do conflito.

8.2. CONSECUENCIAS DA GUERRA

A Guerra Civil supuxo un gran trauma para a sociedade española, que tivo importantes consecuencias a longo prazo:

- **Perdas demográficas e económicas.** Aínda que non hai unanimidade no recuento das vítimas da guerra, calcúlase que o número de mortos roldou os 550000. A esta perda hai que lle sumar os numerosos exiliados que se viron forzados a abandonar o país (uns 470000). En poucos meses volveron a España ao redor da metade dos exiliados; o resto iniciou un longo exilio en Europa ou América Latina.

A guerra implicou tamén a destrución dun bo número de infraestruturas e vías de comunicación. Ademais, a produción agraria e industrial descendeu notablemente.

- **Perda da democracia** e das liberdades políticas. O franquismo implantou unha ditadura militar que lle puxo fin á tradición liberal e parlamentaria iniciada no século XIX.
- **Ruptura da convivencia.** O enfrontamento e a violencia deixaron unhas feridas na sociedade española que tardaron en cicatrizar. A división entre vencedores e vencidos mantívose ao longo de todo o franquismo, que sempre se opuxo a calquera intento de reconciliación entre españois e ao regreso dos exiliados.



Refuxiados republicanos españois cruzan a localidade francesa de Colliure en febreiro de 1939.

@ Para saberes máis sobre o exilio: www.tiching.com/63352

A FRONTE ATA MARZO DE 1939



@ Para saberes máis sobre o desenvolvemento do conflito: www.tiching.com/63353

O CASTIGO AOS VENCIDOS

É preciso liquidar os odios e paixóns da nosa pasada guerra, pero non ao estilo liberal, coas súas monstruosas e suicidas amnistías, que encerran máis de estafa que de perdón, senón pola redención da pena polo traballo, co arrepentimento e coa penitencia; quen outra cousa pensa, ou peca de inconsciencia ou de traizón.

Son tantos os danos ocasionados á Patria, tan graves os estragos causados nas familias e na moral, tantas as vítimas que demandan xustiza, que ningún español honrado, ningún ser consciente pode apartarse destes penosos deberes. (...)

*Mensaxe de Fin de Ano de Francisco Franco,
31 de decembro de 1939.*

- Que ideas expresa Franco neste discurso?

SINTETIZA

1. Coa información dos catro mapas sintetiza as principais etapas e acontecementos do conflito bélico.
2. Por que moitos republicanos tiveron que exiliarse? Que sorte correron despois da guerra?
3. Cales foron as consecuencias da guerra para a poboación española?